

Literatura: Tema 12

O TEATRO DE FINS DO SÉCULO XX E COMEZOS DO XXI: TEMAS E AUTORES DOS 80 E DOS 90. DRAMATURGOS E TENDENCIAS ACTUAIS MÁIS RELEVANTES

O período histórico que se iniciou a partir de 1975, coa instauración dun sistema democrático, a creación dun estado autonómico e a oficialización da nosa lingua, trouxo consigo consecuencias moi favorables para a literatura e a cultura galega, que avanzaron notoriamente na súa normalización desde a lenta recuperación emprendida por Galaxia nos anos 50. No ámbito do teatro, **tras o pulo que supuxeron as Mostras de Teatro de Ribadavia (1973-1980), a dramaturxia galega camiña nas últimas décadas cara á súa consolidación, como xénero literario e como industria cultural.**

Entre os **fenómenos e iniciativas que favorecen esta consolidación** do teatro podemos mencionar:

- O nacemento de **compañías teatrais con carácter profesional** (*Factoría de Teatro, Talía Teatro, Ollomoltranvía, Teatro do Morcego, Teatro do Noroeste, Sarabela Teatro, Chévere, Mofa e Befá, A Panadaría...*), que comparten espazo con compañías de teatro alternativo ou experimental, formadas por afeccionados.
- A aparición de organismos que, por primeira vez na nosa historia, apoian o teatro: o Centro Dramático Galego, **CDG** (1984), que nace para fomentar a produción de espectáculos teatrais; a **Rede** Galega de Teatros e Auditorios (1996), que fai posíbel unha oferta teatral cada vez máis descentralizada; a Escola Superior da Arte Dramática (**ESAD**) de Vigo, primeiro centro oficial para a aprendizaxe teatral. Na actualidade máis recente, podemos citar a creación da Academia Galega de Teatro (2017).
- A celebración de **festivais e mostras** de teatro: *Festival de Teatro Clásico do Século XX* (Lugo); *Mostra de Teatro Universitario de Galiza* (MITEU); *Festival Alternativo da Artes Escénicas* de Santiago (1992); *Festival e Títeres* e Redondela; *Feira Galega das Artes Escénicas*, celebrada anualmente en Santiago, etc. Por outra banda, institúense os [Premios de Teatro María Casares](#), entregados nunha gala que se celebra anualmente desde 1997.
- A apertura de **salas teatrais** como a Luís Seoane (1981-1991), a Sala Gurugú ou Teatro del Andamio na Coruña; a Sala NASA, en Santiago (1992-2011), vinculada á compañía Chévere; a sala Galán (1993-2005), vencellada á compañía Matarile; ou as salas Ensalle (2003) e Ártika (2014), en Vigo.
- Publicacións de monografías, traducións, dicionarios, estudos sobre o teatro galego, algúns deles vinculados á *Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor* (Universidade da Coruña, 1997).
- Coleccións de teatro e novas revistas de información e crítica teatral como *Escaramuza*, *Casahamlet* (1999-2012), publicada polo centro do mesmo nome, ou a [Revista Galega de Teatro](#) (2007).

Tendencias do teatro actual

A **crítica**, a **ironía**, a **sátira** e o **humor** son os trazos que definen mellor a creación dramática actual. Os escritores, comprometidos coa realidade, mesturan estes elementos para desenvolver **dramas** e **comedias** con temas centrados nos conflitos familiares (de parella e pais-fillos), a incomunicación, a soidade, a marxinalidade social, así como os valores negativos desta sociedade (competitividade, violencia, insolidariedade, explotación, corrupción...).

A **intertextualidade** e o **culturalismo** están tamén presentes en textos que recorren ao teatro dentro do teatro (*metateatro*), á recreación de temas clásicos (traxedias gregas, personaxes shakespearianos, etc) ou adaptacións de novelas contemporáneas (*O lapis do carpinteiro*, *Tic-Tac...*), con forte carga simbólica.

O **experimentalismo** é, sen dúbida, o que mellor caracteriza a dramaturxia deste período. A forma do texto terá un cambio radical; o diálogo vai dar paso ao monólogo, ás veces monólogo cruzado en que os personaxes, reducidos a un simple número ou ao pronome que os identifica, son incapaces de comunicarse.

Aparecen novas formas ou modalidades teatrais, destinadas ao espectáculo, como o **monólogo** e o **microteatro**.

Promoción dos 80

Son autores cunha vinculación menor ao mundo da representación (poucos deles son actores ou directores). Polo xeral, os seus textos teñen unha forte carga simbólica e culturalista e, con frecuencia, recorren ao metateatro, á ironía, á parodia... Entre os dramaturgos desta promoción están: Xesús Pisón, João Guisán Seixas, Miguel Anxo

Xesús Pisón (Ferreira do Valadouro, 1954). As súas primeiras obras son de temática infantil: *O rei aborrecido* (1984) ou *Viva Peter Pan* (1995). Coa obra *Ei, Feldmühle! Fantasía do Valadouro con vampiros* (Premio Dieste, 1991) fai unha farsa con intención ecoloxista en que mestura lendas, elementos da moderna mitoloxía vampírica e referencias históricas ao mariscal Pardo de Cela. A partir da obra *Venenos* (1994), a obra de Pisón evoluciona cara a un teatro máis experimental na forma, desaparece o diálogo tradicional e xorden monólogos ou o poema teatral.

Roberto Salgueiro (Caracas, 1966) é autor, director escénico, responsable da Aula de Teatro da USC, gañador en varias ocasións do premio Álvaro Cunqueiro. A súa obra abrangue temas diversos. *De cruces, picas e carabelas* (1992) dá unha visión desmitificadora da conquista americana; *Todo é horrible, moi horrible e eu tamén* (1996), sitúase na liña do teatro do absurdo; *Matanza* é unha metáfora satírica da sociedade actual con dous porcos como protagonistas. *Molière final* (Premio Cunqueiro 2002) preséntanos a polémica pola prohibición do enterramento en sagrado deste autor francés. *Historia da chuvia que cae todos os días* (Premio Cunqueiro 2007) presenta o conflito entre un pai emigrante retornado, autoritario, bebedor e o seu fillo, que quere fuxir da precariedade.

Gustavo Pernas (Viveiro, 1959 - A Coruña, 2018) foi autor, actor da compañía Áncora Producións, que el mesmo fundou, e profesor na UDC. Autor de obras en que presentaba situacións e problemas da sociedade actual cunha visión crítica e mesmo corrosiva. O seu teatro caracterizouse por un afán innovador, que se manifestaba, por exemplo, na ruptura do concepto tradicional do argumento. A simplificación temática e estrutural facía que, en lugar dunha historia, calquera encontro circunstancial puidese darlle corpo á obra. *O galego, a mulata e o negro* (1990); *Ladraremos* (1996); *Comedias paranoicas* (2000); *Medidas preventivas* (2006) trata, mediante o humor negro, temas como o consumismo, a insolidariedade, a xenofobia; *Taras* (2008), critica as miserias do mundo da moda.

Promoción dos 90

Estreitamente vinculados ao espectáculo teatral, dado que son actores e directores, en moitos casos, das súas propias compañías profesionais. Isto condiciona a produción dos textos: escribenos para levalos á escena e adoitan manter unha produción máis continuada. Así, crean pezas de ton menos experimental, cunha estrutura coidada pero sinxela e cun simbolismo máis atenuado, cunha certa **primacía do carácter lúdico sobre o transcendental**.

Algúns dos autores desta promoción son: **Raúl Dans**, Quico Cadaval, **Cándido Pazó**, **Inma Antón Souto**, **Ánxeles Cuña**, Lino Braxe, Rubén Ruibal... Apréciase unha presenza de autoras, directoras, etc, que demostra que **a partir deste último terzo se acada a incorporación total da muller en todas as actividades artísticas**.

Raúl Dans (A Coruña, 1964): actor, guionista da TVG e dramaturgo inicia a súa andaina coa obra *Water-look* (1990), en que mostra unha visión crítica da vida urbana. En *Matalobos* (Premio Dieste 1998) fai unha traxedia rural que desenvolve o vello tema da propiedade da terra e da violencia; que segue a ser o tema de *Estrema* (1999). O reencontro cun mesmo ou cun amor aparecen en *Lugar* (Premio Álvaro Cunqueiro 1994) e *O paso* (1999). Temas como a marxinalidade, a violencia e a droga aparecen en *Derrota* (1997) e *Nun mundo hostil*, volume recopilatorio (2008) que reúne dezaseis pezas breves. Destaca a súa obra polo dominio do diálogo e a procura do esencial.

Inma Antón Souto (A Coruña, 1968): actriz, deseñadora de vestuario e dramaturga, os seus textos gañaron premios como o Arlequín ou o Rafael Dieste. Fai un teatro crítico coa realidade: a ética no mundo científico, a guerra, a sida; mestura ton cómico e trágico. Destaca o enfoque realista, a sabia combinación do diálogo cos silencios. Os seus principais títulos son *Os cárceres do esquezo* (2004), *A ciencia dos anxos* (2005) e *Músculo de sal* (2008).

Cándido Pazó (Vigo, 1960). A dramaturxia de Pazó oscila entre a comedia áxil, con matices absurdos e non exenta de crítica social, como o *O bululú do linier* (1998) ou *Ñiquiñaque* (2000), e o tema histórico, en *Raiñas de pedra* (1991) ou *García* (2005). Na forma, destaca o seu exquisito tratamento da lingua, combinando os rexistros cultos cos coloquiais. Traballou como guionista e actualmente ten unha gran actividade como monologuista.

O teatro galego do século XXI

No teatro máis actual, as mulleres toman tamén a escena e xorden compañías integramente femininas como **A Panadaria** (2013, nadas da ESAD) e autoras con voces firmes e constantes como **Clara Gayo** (*Razóns de Peso* ou *Prohibido sufrir*) ou **Esther Carrodegua** (*Supernormales*, finalista dos Premios Max, ou *Iribarne*). Ademais de **Paula Carballeira**, autora que leva décadas dedicada á escena, como actriz, mologuista e autora teatral, ganadora en 2023 o Premio Nacional de Literatura Dramática coa súa obra *As alumnas*, onde recupera a memoria do modelo educativo da II República a través da maestra María Barbeito.